

I XORNADA “ESCOLA MUNICIPAL DE IGUALDADE PARA A MOCIDADE”

Presentación da Escola Municipal de Igualdade para a Mocidade neste espazo de intercambio de experiencias onde se falará da necesidade da formación en igualdade de oportunidades, da coordinación dos recursos e experiencias existentes, para logo centrarmos no marco do ocio e tempo libre como espazo educativo da mocidade.

| | |
|----------------|----------------------------|
| Data: | 19 de novembro |
| Lugar: | Pazo da Cultura |
| Horario: | 9,30-13,30h. |
| Duración: | 4 horas |
| Preinscrición: | a partir do 12 de setembro |

OBRADOIRO RELACIONAL “CONECTA COAS TÚAS FILLAS E FILLOS”


Curso para o intercambio de ferramentas e coñecementos entre pais, nais e titorxs. Facer fronte aos problemas, ter opinión propia, tomar decisións libres, ter pensamento crítico, etc non se improvisa, é un proceso que se desenvolve ao longo de toda a vida. Educar dende a dependencia á total autonomía a través da educación emocional, a coeducación, o manexo de conflitos, ... en definitiva, mellorar a nosa conexión e comunicación.

| | |
|----------------|---|
| Imparte: | Yolanda Cortegoso (Psicóloga) |
| Datas: | martes 27 setembro, 4, 11, 18 e 25 de outubro |
| Lugar: | Casa Azul |
| Horario: | 20 - 22h. |
| Prazas: | 15 |
| Duración: | 10 horas |
| Preinscrición: | a partir do 12 de setembro |

OBRADOIRO RELACIONAL “LIGUE, SEDUCCIÓN E SEXUALIDADE PARA MOZXS”

Neste obradoiro coñecerás a linguaxe da sedución, estratexias, habilidades e técnicas de ligue e traballaremos para cultivar e coidar a nosa sexualidade dende as relacións igualitarias e respectuosas.

| | |
|----------------|------------------------------------|
| Imparte: | Yolanda Cortegoso (Psicóloga) |
| Requisitos: | mozos e mozas a partir dos 15 anos |
| Datas: | luns 3, 10, 17, 24 e 31 outubro |
| Lugar: | Pazo da Cultura |
| Horario: | 18-20h. |
| Prazas: | 15 |
| Duración: | 10 horas |
| Preinscrición: | a partir do 12 de setembro |



RESUMO

PISANDO FORTE 2016

ITINERARIO XERAL

Preparación exame competencias clave
Manipulación alimentos + Normativa UE alerxias e intolerencias
Xornadas Erasmus+ Mobilidade e Voluntariado Europeo
Sácalle partido á túa marca persoal
Community manager

ITINERARIO AMBIENTAL

Introdución aos servizos RPAS (Drones) en actividades de control ambiental en ríos e encoros
Curso de educación ambiental de compostaxe
Curso de iniciación aos labores forestais

ITINERARIO ARTÍSTICO - LOCAL DE MÚSICA

Como traballar na industria musical
Como facer que un grupo artístico funcione
Como conseguir actuacións
Curso de produción e organización de eventos musicais

ESCOLA MUNICIPAL DE IGUALDADE PARA A MOCIDADE

Formación de mediadorxs en Igualdade
I Xornada “Escola Municipal de Igualdade para a Mocidade”

Obradoiros relacionais:

“Conecta coas túas fillas e fillos”
(para pais e nais, titorxs, ...)
Obradoiro de ligue, sedución e sexualidade para mozos e mozas



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL
Centro de Formación e Experimentación Agroforestal de Lourizán



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL
Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado



Erasmus+
Youth in Action Programme
Changing lives. Opening minds.

DISEÑO: ESTUDIO GRÁFICO PO 171-2016

PISANDO FORTE 2016

PARA MOZAS E MOZOS DE 16 A 35 ANOS



PREINSCRIPCIÓN:
WWW.XUVENTUDE.PONTEVEDRA.EU

PISANDO FORTE

PROGRAMA DE FORMACIÓN PARA A MOCIDADE

DIRIXIDO A: MOZAS E MOZOS DE 16 A 35 ANOS DO CONCELLO DE PONTEVEDRA

CRITERIOS DE ACCESO

1. Ter entre 16 e 35 anos

2. Padrón no Concello de Pontevedra (agás centros de menores)

- Situación de desemprego
- Traballa a tempo parcial
- Traballa a xornada completa

3. Cumprir o requisito básico para cada acción formativa.

4. Reserva de prazas por discapacidade:

en todas as accións formativas reservaranse un mínimo de 3 prazas para persoas con discapacidade a partir do 33%, sempre e cando cumpran co resto dos requisitos de acceso.

5. Listaxe de agarda:

Confeccionarase por cada acción formativa coas persoas interesadas que non cumpran cos requisitos iniciais e que poderán acceder no caso de sobrar algunha praza e en función dos seguintes criterios:

- Persoas doutras idades que cumpran os demais requisitos.
- Idades 16-35 anos dos concellos veciños que cumpran os demais requisitos.

PROCESO DE PREINSCRIPCIÓN E INSCRIPCIÓN

Cada curso terá un período de preinscrición (on-line ou presencial) que se pechará uns días antes do seu inicio. Confeccionarase a listaxe de persoas seleccionadas tendo en conta os criterios de acceso, e procederase á formalización da inscrición. Consultar datas de preinscrición de cada curso.

CARACTERÍSTICAS DA FORMACIÓN DE PISANDO FORTE

- Formación impartida en lingua galega
- Proba final de avaliación e control de asistencia

ACREDITACIÓN

De superaren a avaliación, emitirase **DIPLOMA ACREDITATIVO** polo aproveitamento da formación recibida.

PREINSCRIPCIÓN

Datas: 20 de abril, 20 de maio e 12 de setembro
En www.xuventude.pontevedra.eu
Se non tes acceso a Internet ou tes dúbidas, podes facer a preinscrición de forma presencial na Oficina de Xuventude nas datas especificadas e en horario de 9h a 14h. Casa Azul - r/ Sor Lucía, 2, 3º, tel. 986 840 367 xuventude@pontevedra.eu

ITINERARIO XERAL

ITINERARIO XERAL

CLASES DE APOIO PARA PREPARACIÓN DE EXAME DE COMPETENCIAS CLAVE

Dirixido a persoas desempregadas e sen estudos de ESO, para axudarlles a preparar as materias do exame de Competencias Clave - nivel 2 que convoca a Consellería de Traballo e Benestar todos os anos no mes de maio.

Datas: meses de febreiro a maio de 2016 e 2017

Lugar: Casa Azul

Prazas: 15

Preinscrición: a partir do 12 de setembro para o curso de 2017

MANIPULACIÓN ALIMENTOS E NORMATIVA UE DE ALERXIAS E INTOLERANCIAS

Este curso prepara a profesionais que requiran manipular produtos alimenticios para o seu traballo con total seguridade e garantías legais. Inclúe a normativa europea sobre alerxias e intolerancias alimentarias que obriga aos establecementos (bares, restaurantes, comedores, hospitais...) a informar ao consumidor/a sobre os ingredientes dos produtos.

Datas: 9 e 10 maio

Horario: 10-14h.

Lugar: Casa Azul

Prazas: 20

Duración: 8 horas (imprescindible 100% de asistencia para obter certificado)

Preinscrición: a partir do 20 de abril

XORNADA ERASMUS+ DE MOBILIDADE E VOLUNTARIADO EUROPEO

Xornada de difusión do programa Erasmus+ para coñecer as posibilidades que ofrece este e as súas accións de mobilidade co Servizo de Voluntariado Europeo (SVE) e os Intercambios Xuvenís. A xornada terá un compoñente expositivo e práctico.

Imparte: Rede Galega de Dinamización Xuvenil (Xunta de Galicia)

Datas: 28 de maio

Horario: 9,30-13,30h. e 16-20h.

Lugar: Pazo da Cultura

Prazas: 30

Duración: 8 horas (imprescindible 100% de asistencia para obter certificado)

Preinscrición: a partir do 20 de abril

SÁCALLE PARTIDO Á TÚA MARCA PERSOAL

Que é a marca persoal? Introducción ás redes sociais (LinkedIn, Google Plus, Twitter, Blogs, Youtube, Facebook). Ferramentas para xerar contido atractivo e estratexias. Xerar oportunidades a través da nosa marca persoal.

Imparte: Xeneme Proxectos Sociais

Datas: 5, 6, 13, 19 outubro

Horario: 16-20h.

Lugar: Pazo da Cultura

Prazas: 20

Duración: 16 horas

Preinscrición: a partir do 12 de setembro

COMMUNITY MANAGER

Coñece o mundo das redes sociais e sácalle partido profesionalmente. Mellora das túas condicións e capacidades para a venda de produtos e servizos por Internet.

Imparte: Xeneme Proxectos Sociais

Datas: 20, 26 e 27 outubro

Horario: 16-20h.

Lugar: Pazo da Cultura

Prazas: 20

Duración: 12 horas

Preinscrición: a partir do 12 de setembro

ITINERARIO AMBIENTAL

INTRODUCCIÓN AOS SERVIZOS RPAS (DRONES) EN ACTIVIDADES DE CONTROL AMBIENTAL EN RÍOS E ENCOROS

Formación inicial teórico-práctica orientada ao uso de servizos con Drones en actividades de control ambiental, especialmente en ríos e encoros. Regulamento, coñecemento xenérico da aeronave, navegación e interpretación de mapas, meteoroloxía, fraseoloxía e factores humanos, comunicacións, manexo e limitacións, montaxe e regraxa, software, manobras básicas, etc.

Requisitos: maiores de 18 anos

Imparte: Telocrea Drones

Datas: 13,14,15, 20, 21, 22 xuño

Horario: 16,30-20,30h.

Lugar: Pazo da Cultura e río Lérez

Prazas: 14

Duración: 24 horas

Preinscrición: a partir do 20 de abril

CURSO DE EDUCACIÓN AMBIENTAL DE COMPOSTAXE

Compostar os restos orgánicos é imprescindible para reciclar ao máximo. Este curso teórico-práctico complementarase cunha visita a unha planta de compostaxe.

Imparte: Asociación pola Defensa Ecolóxica de Galicia ADEGA

Colabora: Deputación de Pontevedra

Datas: 24, 25 e 26 maio

Horario:

1º día Pazo da Cultura de 16,30-20,30h.

2º día: práctica nas instalacións do Centro Príncipe Felipe da Deputación de Pontevedra, de 17 a 20h.

3º día: visita á planta de compostaxe Ecocelta de 17 a 20h.

Prazas: 15

Duración: 11 horas

Preinscrición: a partir do 20 de abril

CURSO DE INICIACIÓN AOS LABORES FORESTAIS

Formación sobre labores de desbroce en masas forestais, plantación e sementeira, poda, prevención de incendios, control de especies invasoras, aproveitamentos forestais, etc...

Imparte: exalumnado do Centro de Formación e Experimentación Agroforestal de Lourizán

Datas: outubro e novembro

Lugar: Centro de Formación e Experimentación Agroforestal de Lourizán

Prazas: 15

Duración: 30 horas

Preinscrición: a partir do 12 de setembro

ITINERARIO ARTÍSTICO

LOCAL DE MÚSICA

COMO TRABALLAR NA INDUSTRIA MUSICAL

O sector musical ofrece innumerables oportunidades de traballo. Nesta xornada falarase sobre as posibilidades de vivir da música. O sector musical como fonte de negocio. Como definir a proposta de valor/diferenciación do noso proxecto.

Imparte: Local de Música

Data: 7 maio

Horario: de 10 a 14h.

Lugar: Local de Música

Prazas: 20

Duración: 4 horas (imprescindible 100% de asistencia para obter certificado)

Preinscrición: a partir do 20 de abril

COMO FACER QUE UN GRUPO ARTÍSTICO FUNCIONE

Moitos grupos comezan con forza e logo van perdendo folgos. Nesta xornada aprenderás técnicas e estratexias para que o teu grupo musical ou artístico non pare de medrar. Organización interna, dirección, autoxestión e ferramentas para a planificación de eventos.

Imparte: Local de Música

Data: 21 maio

Horario: de 10 a 14h.

Lugar: Local de Música

Prazas: 20

Duración: 4 horas (imprescindible 100% de asistencia para obter certificado)

Preinscrición: a partir do 20 de abril

COMO CONSEGUIR ACTUACIÓNS

Unha das grandes dificultades para os grupos de música ou artísticos é conseguir actuacións e planificar xiras. Nesta xornada coñecerás casos e experiencias que che aclararán como facelo. Xestión de xiras, management e casos prácticos de éxito.

Imparte: Local de Música

Data: 4 xuño

Horario: 10-14h.

Lugar: Local de Música

Prazas: 20

Duración: 4 horas (imprescindible 100% de asistencia para obter certificado)

Preinscrición: a partir do 20 de maio

PRODUCCIÓN E ORGANIZACIÓN DE EVENTOS MUSICAIS

Formación presencial con clases teóricas e fase práctica en eventos musicais da programación cultural e festiva do verán na cidade de Pontevedra. Na fase teórica exoranse os contidos e revisaranse casos reais. A fase práctica consistirá na análise da produción de varios eventos e no deseño dun traballo final de execución dun evento musical vinculado ao Local de Música.

Requisitos: maiores de 18 anos

Imparte: Local de Música

Datas: do 27 de xuño ao 1 de xullo (fase presencial). Prácticas: xullo e agosto

Horario: 10-14h.

Lugar: Local de Música

Prazas: 20

Duración: 75 horas

Preinscrición: a partir do 20 de maio

ESCOLA DE IGUALDADE

ESCOLA MUNICIPAL DE

IGUALDADE PARA A MOCIDADE

FORMACIÓN DE MEDIADORXS EN IGUALDADE

Formación encamiñada a sensibilizar a persoas mediadoras no eido da Igualdade para incorporar un enfoque integrador e respectuoso coa diversidade nas actividades formativas e de ocio coa mocidade.

Conceptos clave: xénero, sexismo, discriminación e desigualdade social.

A socialización diferencial de xénero: familia, ámbito educativo, medios de comunicación e linguaxe.

Questionando os roles de xénero

Que podemos facer como mediadorxs? Detección e intervención.

A coeducación e respecto pola diversidade
Sensibilización en Igualdade e prevención da violencia machista

Imparte: Iria Vázquez Silva (Doutora en Socioloxía e experta en Xénero)

Datas: mércores dende o 28 de setembro ao 23 de novembro (agás 12 outubro)

Horario: 17-20h.

Lugar: Pazo da Cultura

Prazas: 20

Duración: 24 horas

Preinscrición: a partir do 12 de setembro

